DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 117 | Mércores, 21 de xuño de 2023 | Páx. 38809

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

*RESOLUCIÓN do 10 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación da acta da Comisión Paritaria do Convenio colectivo de actores e actrices de teatro de Galicia, na cal se actualizan as táboas salariais para o ano 2023.*

Visto o texto da acta da Comisión Paritaria do Convenio colectivo de Actores e Actrices de teatro, de Galicia na cal se actualizan as táboas salariais para o ano 2023, que se subscribiu con data do 24 de marzo de 2023, entre a representación da organización empresarial Escena Galega e Agadic e a representación legal dos traballadores e traballadoras das centrais sindicais UGT, CIG, CC.OO. e AAAG, e de conformidade co disposto no artigo 90, números 2 e 3, do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade.

A Dirección Xeral de Relacións Laborais

RESOLVE:

Primeiro. Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia (Regcon), creado mediante a Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18 de novembro).

Segundo. Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2023

Elena Mancha Montero de Espinosa
Directora xeral de Relacións Laborais

**Acta da Comisión Paritaria do Convenio Colectivo de Actores e Actrices de teatro de Galicia**

En Santiago de Compostela, sendo ás 11.30 horas do día 24 de marzo de 2023, reúnese telematicamente a Comisión Paritaria do Convenio Colectivo de Actores e Actrices de teatro de Galicia.

CVE-DOG: czrxjks5-jmf7-vke2-qyv9-twfuallm8j85

Parte empresarial:

– Patricia de Lorenzo González (Escena Galega).

– Francisco Javier Núñez Alonso (Agadic).

Parte sindical:

– Ramón Dopico López (UGT).

– María Teresa Pérez Pardo (CC.OO.).

– Adolfo Naya Fernández (CIG).

– Antonio Salgado Rodríguez (AAAG).

– José Luis López Roca (AAAG).

O obxecto desta reunión é a actualización das táboas salariais do Convenio Colectivo de Actores e Actrices de Teatro de Galicia.

Logo do debate e análise da dita cuestión por parte das representacións integrantes desta comisión, procede reflectir en acta o seguinte:

Primeiro. Esta comisión paritaria acorda, por unanimidade, proceder á actualización das táboas salariais do Convenio colectivo de actores e actrices de teatro de Galicia para o ano 2023, de conformidade co contido dos dous anexos que se achegan a esta acta.

Segundo. Esta comisión delega no persoal habilitado do Consello Galego de Relacións Laborais a realización dos trámites de depósito, rexistro e publicación desta acta perante a autoridade laboral competente.

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a reunión, ás 12.00 horas do día sinalado no encabezamento, e expídese para o efecto esta acta, que asinan en proba de conformidade as persoas relacionadas en nome de todas e cada unha das representacións asistentes.

| | |
|---|---|
| Patricia de Lorenzo González (Escena Galega) | Francisco Javier Núñez Alonso (AGADIC) |

CVE-DOG: czrxjks5-jmf7-vke2-qyv9-twfuallm8j85

| | |
|---|---|
| María Teresa Pérez Pardo (CC.OO.) | Adolfo Naya Fernández (CIG) |
| Ramón Dopico López (UGT) | José Luis López Roca (AA.AG.) |
| Antonio Salgado Rodríguez (AAAG) | |

| | Tarifas 2022 | | Proposta tarifas 2023 suba do 5,7 % IPC | |
|---|---|---|---|---|
| Salario mensual | Compañías grupo A | Compañías grupo B | Compañías grupo A | Compañías grupo B |
| Protagonista | 2.196,29 | 1.830,32 | 2.321,47 | 1.934,65 |
| Principal | 1.937,90 | 1.601,72 | 2.048,36 | 1.693,02 |
| Secundario | 1.593,39 | 1.487,30 | 1.684,21 | 1.572,08 |
| Elenco | 1.419,92 | 1.258,49 | 1.500,86 | 1.330,22 |
| Salario bolo | Compañías grupos A e B | | Compañías grupos A e B | |
| Protagonista | 201,19 | | 212,66 | |
| Principal | 180,91 | | 191,22 | |
| Secundario | 161,09 | | 170,27 | |
| Elenco | 142,21 | | 150,32 | |
| Retribución por gravación | Compañías grupo A | Compañías grupo B | Compañías grupo A | Compañías grupo B |
| Protagonista | 462,37 | 439,39 | 488,72 | 464,43 |
| Principal | 416,43 | 393,45 | 440,16 | 415,88 |
| Secundario | 364,73 | 358,98 | 385,52 | 379,44 |
| Elenco | 324,52 | 312,40 | 343,01 | 330,20 |
| Axudas de custo Galicia | 51,48 | | 54,42 | |

Retribución persoal artístico das compañías institucionais 2023

Retribucións:

– Protagonista: 3.186,59.

– Principal: 2.396,49.

– Secundario/a: 1.794,19.

Cesión de dereitos:

| Categoría | Cesión dereitos | Imaxe (5 %) | Total |
|---|---|---|---|
| Protagonista | 512,46 | 25,62 | 538,09 |
| Principal | 448,27 | 22,41 | 470,68 |

CVE-DOG: czrxjks5-jmf7-vke2-qyv9-twfuallm8j85